

## SALTOS.....

Minutos máis tarde escoitei voces e vin unhas mans, sentínme segura e pechei os ollos... tan pronto sentín unhas mans xunto ás miñas, non dubidei nin un segundo en abrir os meus ollos... Tan pronto os abrín, mirei a unha nena agarrando así as miñas mans e a nena miroume abrir os ollos e comezou a saltar. Deseguido eu saltei con ela pero deime conta de que estaba saltando moitísimo máis do que normalmente eu salto. Mirei cara abaixo e....

Estaba saltando nunha cama elástica!!! Pasado un tempo díxenlle á nena se poderíamos parar de saltar porque estaba canso, e ela contenta díxome que si... Paramos sentamos na cama elástica, e pregunteille quen era e que facía agarrándome das mans, ela foi a abrir a boca para contarme ( ou eso penso eu ) pero...

Pegou un salto e non a volví ver máis...